

Escrito por

Xoves, 08 Setembro 2011 01:02



O próximo venres 9 de setembro ás 20:30h. na Aula de Cultura “Ponte de Rosas” (Avda. da Feira, 10, baixo, Gondomar) terá lugar a inauguración da exposición *Conservar a memoria* de fotógrafo

Chas.

No acto inaugural ademais do autor estará presente o director do Museo do Mar, **Pablo**

Carrera

exposición

é resultado do proxecto promovido polo

Museo do Mar

de Galicia en colaboración co

Centro de Estudos Fotográficos

, estamos a falar da creación e posta en marcha das

Bolsas

de Creación Fotográfica “

O Mar”

, que pretenden promover novos talentos en creación fotográfica partindo dun proxecto previo, necesariamente anovador, que fixa uns obxectivos que mediante o traballo de campo fotográfico plasmaranse nunha exposición.

A Aula de Cultura Ponte de Rosas inaugura a mostra Conservar a memoria, do fotógrafo Chas.

Escrito por

Xoves, 08 Setembro 2011 01:02

A primeira bolsa foi concedida a **José Romay**. O seu traballo *No grande azul* expúxose na sala *Ponte de Rosas* no pasado mes de xullo. Agora poderemos gozar da exposición, que resultou da segunda das bolsas concedida a **Chas**, denominada *Conservar a memoria*, un proxecto xurdido da necesidade de rescatar unha parte da nosa historia e do noso patrimonio, esa parte onde iniciamos o noso camiño como sociedade moderna e industrial, centrándose nas vellas fábricas de conserva

Xosé Anxo Fontenla Chas, naceu en Pontevedra en 1976, licenciouse en Belas Artes, na especialidade de Escultura e especialízase en Fotografía de Arquitectura no IEFC. Dende 2003 participou en varias exposicións colectivas. Esta é a súa terceira exposición individual. Podedes visitar a súa web <http://www.jfchas.com/>

A exposición permanecerá aberta na Aula de Cultura Ponte de Rosas (Avda. da Feira, 10, baixo, Gondomar), sede do Instituto de Estudos Miñoranos, ata o 14 de outubro en horario de 19h. a 21h. de luns a venres.